

## REPERTORIO CORAIS

### CORAL POLIFONICA DE AGOLADA

Mulé rendera..... C.A. Fonseca  
A tu lado..... Javier Busto  
Vento do Norte..... Nando e Sergio Agüeros  
Pandeirada de Ourense..... Manuel de Dios  
Soldades..... Francisco Rey Rivero

### ORFEÓN LUCENSE

Drop,dorop slow tears..... Flecher e Gibbons  
La flor..... Torner  
O meu amor mariñeiro..... Letra:  
Manuel Alegre  
Lois Alvarez Pousa  
Música:  
Xosé Luis Rivas  
Arreglo coral:  
Bieito Blanco

Canto de berce para una  
Princesa negra..... Anónimo

Chantez Alleluia..... Dave/Jean Perry


### ORFEÓN XOAN MONTES

Unha noite na eira do trigo.. Trascriptión : Abelle  
Armonización:  
Enrique Alvarellos  
Lonxe da terra..... Juan Montes Capón  
Adaptación:  
Enrique Alvarellos  
Siyajamba..... Tradicional Zulu  
O afiador..... Saigado Valdez  
Va pensiero..... Giuseppe Verdi

### O REMATE, TODOS XUNTOS

A sala da Carolina..... Popular  
Galaico Portuguesa

## ORGANIZA:



## COLABORAN:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FE.CO.GA.

# XIV CONCERTO DE OUTONO 2021

## CORAIS PARTICIPANTES :

- \* CORAL POLIFÓNICA DE AGOLADA
- \* ORFEÓN LUCENSE
- \* ORFEÓN XOÁN MONTES

DÍA: 16 DE OUTUBRO ÁS 20,00 horas

LUGAR: CIRCULO DAS ARTES LUGO



## CORAL FOLIFÓNICA DE AGOLADA

A coral Polifónica de Agolada escomenza a ensaiar en outubro de 1992, baixo a dirección de Enrique Alvarellos, debutando esa mesmo ano no concerto de Nadal en Agolada, dende entón realizou unha intensa actividade ó longo de toda a xeografía galega e tamén noutras CCAA, destacando actuacións en Tudela de Duero (Valladolid), Pravia e Gijón (Asturias), Alcobendas (Madrid), Estella (Navarra), Burgos, etc.

Tamén é salientable a estrena da cantata "A Lanzada", de Enrique Alvarellos, acompañada polo Orfeón Xoan Montes e a Orquesta Sinfónica de Xove, que tivo lugar no Círculo das Artes de Lugo, en maio de 2000.

En abril de 2014 acadou o terceiro premio no II Certame de Rondallas y Corales Santiago Apostol, celebrado en Ourense.

Pero sen dúbida, entre os fitos máis importantes na traxectoria da Coral Polifónica de Agolada cabe destacar a nivel internacional:

- O intercambio cultural realizado nos anos 1999 e 2000 coa coral "Sarabande" de la Force (Francia), participando en varios concertos nas cidades de la Force e Lalinde.
- O Hirmandamento có coro italiano "Quelli Delli 21,18", de Manziana nos anos 2002 a 2008, que culminou con actuacións en marcos incomparables como a igrexa de San Pietro in Montorio e San Ignacio de Loyola en Roma, a igrexa de San Giovanni Bautista de Manziana, etc.
- O intercambio coa coral Gondomar (Portugal) no ano 2012 e a participación no Encontro internacional de corais en Cascais en 2018.

A Coral Polifónica de Agolada pertence a FECOGA dende a súa fundación.

Actualmente está dirixida por Alejandro Piñeiro e está formada por 36 voces mixtas.

## ORFEÓN LUCENSE

O Orfeón Lucense, que ten como antecedente o fundado no século XIX polo ilustre compositor Xoan Montes, é un grupo coral creado en 1982 en Lugo polo sacerdote e compositor José Castiñeira Pardo, que foi mestre da capela da Catedral e un destacado promotor da vida musical e cultural da cidade.

A súa condición de coro titular da Catedral explica o peso música sacra no repertorio do grupo, non en van un dos motivos da fundación foi a creación dun conxunto permanente voces que lle dese relevancia e brillo á liturxia e outros celebracións da Catedral.

Neste sentido, o desexo dos sucesivos directores de incorporar ao repertorio de pezas en varios idiomas, e de autores españois como Internacionais, desde Mozart a Kodaly, desde ás Cantigas de Alfonso X o Sabio, non limitado a o consagrado e coñecido nin a unha certa época histórica.

Pero para o Orfeón Lucense a música secular é tan importante a música relixiosa. Se en 1992 interpretou Non chores cun notable éxito de público, hoxe en día é frecuente a presenza de pezas corais de zarzuelas, así como a interpretación de pezas tradicionais galegas.

No 2009, comezou unha decisiva etapa baixo a dirección Xesús Mato Mato, prestixioso musicólogo e activista musical e que transmitiu ao Orfeón a alegría e vivacidade que o caracterizan, cohesionando a formación e fortalecendo a súa vocación de Coro oficial da Catedral lucense e agrupación senlleira na provincia de Lugo.

Desde 2012 é o seu director Marcos Manuel Fernández Mosquera emprendeu a tarefa de renovar con rigor a través da incorporación de novas voces e a ampliación do repertorio con novos estilos e musicais, pero sen desvirtuar nin perder de vista a propia identidade da agrupación.

## ORFEÓN XOÁN MONTES

Neste "XIV Concerto de Outono", o Orfeón Xoán Montes estará dirixido polo antigo director: D. Miguel Angel Mouriz Lamas, que atendeu amablemente a nosa demanda, dado que a directora Dña. Elisabet Filgueira Xesteira atópase en estado abanzado de xestación.

O Orfeón Xoán Montes foi creado en Lugo por D. Enrique Alvarellos polo ano 1982, coa finalidade de interpretar canto coral só para voces graves.

Pola súa singularidade foi a primeira coral en recibir o "Master Honorífico a Popularidade" no ano 1989.

Retirado o seu fundador por motivos de saúde, fíxose cargo do Orfeón D. Miguel Angel Mouriz Lamas, profesor de música do Seminario de Lugo, mantendo a mesma liña de interpretación aínda que engadindo novas obras axeitadas o seu estilo.

Nesta etapa comeza a celebración dos "Concertos de Outono" no ano 2006 e danse concertos en toda a Comunidade Galega, País Vasco, Asturias, Castela a Mancha e La Rioja.

Por razóns persoais importantes D. Miguel Angel Mouriz vese na obriga de deixar a dirección do Orfeón polo ano 2013.

Nese mesmo ano false cargo da dirección a actual directora Dña. Elisabet Filgueira Gesteira, profesora de música, diplomada en educación musical e titulada superior na especialidade de canto e violín.

Baixo a súa dirección o Orfeón segue a celebrar os "Concertos de Outono" e comeza a celebración dos Concertos Solidarios "Polifonía por Kilos" en colaboración co resto dos coros de Lugo, así como a celebración do "Día das Letras Galegas", patrocinado polo Concello de Lugo.

Tamén, dando concertos e intercambios na nosa Comunidade, País Vasco, Castela León e Portugal.

